

O patrimonio documental galego na rede (II): de Ribadeo a Zaragoza, pasando polo Saviñao

Miguel García-Fernández¹

As posibilidades que se abriron nos últimos tempos para mellorar a conservación e difusión do patrimonio documental galego víronse incrementadas de forma moi notábel grazas á Rede, ou mellor dito, á rede de redes, é dicir, Internet. Sen dúbida, isto non só favorece o acceso dos investigadores ás fontes –co conseguinte beneficio que isto pode supoñer de cara ao enriquecemento dos estudos históricos, especialmente cando se faga efectivo un maior uso dos recursos dispoñíbeis e se coñezan ben–, senón tamén un proceso de «democratización» das fontes históricas que permite á cidadanía achegarse directamente aos documentos cos que podemos recuperar o noso pasado. Precisamente, este feito debería levarnos a reflexionar sobre a necesidade de dotar o conxunto dos galegos e das galegas das ferramentas conceptuais e analíticas suficientes coas que afrontar o acceso cada vez máis amplo –e por veces abrumador– a unha

¹ Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-Xunta de Galicia). Este traballo realizouse no marco dos proxectos de investigación: «HERES. Patrimonio textual ibérico y novohispano. Recuperación y memoria» (Ref. 2018-T1/HUM-10230), dirixido polo Dr. Ricardo Pichel (Universidad de Alcalá) e «Patrimonio textual na Galicia medieval. Prosa documental e literaria» (2021-CP037), dirixido polo Dr. Eduardo Miguel Moscoso Mato e coordinado polo Dr. Xavier Varela Barreiro (Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela).

documentación que, consultada de forma illada e descontextualizada, pode dar lugar a dificultades no seu procesamento e comprensión. Isto non supón, en modo algún, unha crítica aos procesos de dixitalización e divulgación na Rede do noso patrimonio documental. Ao contrario. O apuntamento simplemente pretende destacar que, á par que se incrementa o volume de fontes históricas consultábeis desde os nosos fogares, é importante que o sistema educativo –en todos os niveis– forme os cidadáns e cidadás para que saquen utilidade aos novos recursos e, sobre todo, para que o acceso á información histórica se faga coas suficientes garantías de comprensión co obxecto de evitar prácticas prexudiciais para o coñecemento histórico como poden ser o anacronismo, a descontextualización ou o nesgo interpretativo das fontes e do noso pasado. Son moitas, pois, as posibilidades e tamén os desafíos que se nos abren a raíz do incremento de iniciativas para a dixitalización e divulgación dos fondos arquivísticos de moi diversas institucións –tanto públicas como privadas–, así como de particulares.

Se nun traballo anterior destacamos a utilidade dos dous principais portais dixitais –un especificamente galego e outro estatal– a través dos cales podemos recuperar un amplo volume de documentos medievais galegos, PARES e Galiciana², nesta ocasión queremos dar a coñecer tres novos recursos que favorecen a consulta do noso patrimonio documental, tanto medieval como moderno e contemporáneo. Trátase de tres iniciativas diferentes en varios aspectos. Dúas son especificamente galegas, concretamente lucenses: unha a nivel municipal e outra particular. Estamos falando da páxina web do Arquivo Municipal de Ribadeo, en primeiro lugar, e, en segundo lugar, da web dedicada á Torre da Candaira, monumento señorial localizado no Concello do Saviñao. O terceiro recurso pode chamar máis a atención por non ser galego nin estar ligado a unha iniciativa estatal. Trátase do Archivo Histórico Provincial de Zaragoza –igualmente un arquivo público–, onde, no marco dalgunhas investigacións que estamos desenvolvendo para a localización e transcripción do patrimonio documental galego dos séculos medievais e modernos, atopamos algúns fondos de especial interese para a transición da Galicia medieval á Galicia moderna. Vexamos, máis polo miúdo, algúns aspectos destes recursos que nos facilitan o acceso a pergamiños e papeis producidos ou que circularon e marcaron a vida das galegas e galegos que nos precederon.

² Miguel García-Fernández, «PARES e Galiciana: o patrimonio documental galego na Rede. Da Idade Media ao século XXI», *Murguía. Revista Galega de Historia*, 40 (2019), pp. 137-143.

O Arquivo Municipal de Ribadeo

<https://arquivo.ribadeo.org/arquivo-municipal>

Fronte ao que sucede noutros concellos galegos, onde os arquivos municipais non sempre están debidamente catalogados e/ou dixitalizados, no Concello de Ribadeo apostouse por poñer en valor o seu, atendendo ás funcións primordiais que se lle recoñecen aos arquivos públicos na propia web que estamos a comentar: «recoller, custodiar, comunicar e difundir os documentos».

Concello de Ribadeo
ARQUIVO MUNICIPAL

ARQUIVO MUNICIPAL FONDOS DOCUMENTAIS DIFUSIÓN CONTACTO

Libros de actas

Descubre

Historia do Arquivo de Ribadeo

Que facer cos fondos dixitalizados

Organización do Arquivo

O Arquivo Municipal de Ribadeo está constituído polos documentos de titularidade pública que foron producidos ou recollidos polo Concello ao longo dos séculos.

O acceso aos fondos e a información está aberto a todas as cidadáns que poidan acceder e descargar en estar baixo licenza de dominio público CC0.

O Arquivo Municipal de Ribadeo foi organizado, descrito e catalogado polos programas dos Consellos de Europeas Ribadeo no Temis, DocTit I e DocTit II.

O fondo documental deste arquivo abarca desde o ano 1536 até a actualidade. Na pestana «Fondos documentais» o usuario pode acceder tanto ao «Cadro de clasificación» da documentación –podendo coñecer as datas extremas (da máis antiga á máis recente) entre as que se sitúan os documentos conservados dentro de cada unha das categorías de clasificación establecidas no Arquivo– e á subpestaña «Fondos dixitalizados».

Como repositorio, esta é a parte máis interesante da web, xa que permite acceder ás dixitalizacións en PDF dos libros de actas das sesións do Concello desde o ano 1536 até 1945 –un total de 309 arquivos–. Estamos, como se indica na propia páxina, ante un proceso de dixitalización que se entende como «aberto e continuo», polo que cómpre estarmos pendentes de novas actualizacións. En todo caso, xunto aos documentos citados están dixitalizados outros «Expedientes», «Libros de contas», «Libros de puridade e autos consistoriais», «Libros de Rexistros» e «Planimetrías», que, polo tanto, están a disposición dos usuarios de forma sinxela e aberta.

A vontade divulgativa deste recurso dixital ponse de manifesto moi especialmente na pestana «Difusión», que conta coas subpestanas «Documentos de interese» e «Obradoiros». Tanto para o investigador, como para o docente e o cidadán, é especialmente interesante a primeira destas subpestanas. Nela chámase a atención sobre algúns instrumentos arquivísticos especialmente significativos que, porén, poderían pasar desapercibidos entre o conxunto dos fondos dixitalizados. Entre estes documentos de especial significación podemos destacar, por exemplo, o expediente de licenza de apertura concedida a Manuela Barreiro Pico para unha botica e laboratorio na vila de Ribadeo a comezos do século XX. Precisamente, esta muller é coñecida por ser a primeira muller licenciada pola Universidade de Santiago de Compostela, rematando a Licenciatura en Farmacia no ano 1900 –co título datado en 1901–³.

Estamos, pois, ante unha páxina de grande interese para coñecermos unha parte do inxente patrimonio documental galego desde o século XVI até os nosos días, neste caso o vinculado a unha institución municipal, na que se combina a función de repositorio coa propiamente divulgativa. Un bo exemplo de páxina que, caracterizada por unha sinxeleza eficiente, podería servir de referencia e modelo para as doutros arquivos municipais galegos.

³ Sobre ela véxase M.^a Isabel Fernández García, *Manuela A. Barreiro Pico. Ribadense destacada. 1ª Licenciada en Farmacia en Galicia (1900)*, Lugo, Deputación Provincial de Lugo, 2017.

O Arquivo da Torre-forte da Candaira (O Saviñao)

<http://www.candaira.es/>

Cando pensamos nos arquivos históricos, é habitual pensar en arquivos estatais, autonómicos ou locais, sen prestar atención a outros, ás veces de dimensións moito máis modestas, ligados a pequenas fundacións ou a persoas particulares⁴. De feito, é unha materia pendente para o estudo da historia de Galicia afondar no coñecemento, inventariado e publicación das numerosas (e moitas veces descoñecidas, incluso para os especialistas) fontes históricas que permanecen en mans privadas, ás que, en moitas ocasións, só logramos acceder de casualidade, máis polo boca a boca ou por relacións de amizade, que por existir unha actitude proactiva dos propietarios a abrir os seus arquivos aos investigadores e, menos aín-



da, á cidadanía. Porén, cómpre recoñecer que tamén existen notábeis excepcións; algo que agardamos que se vaia acrecentando no marco dunha concepción sobre o patrimonio histórico na que este sexa visto como un patrimonio do conxunto social. Precisamente, aquí quero destacar a existencia dunha iniciativa particular que comezou a difundir a través da Rede un patrimonio documental até o de agora descoñecido para a maioría

⁴ Non obstante, cómpre sinalar que nos últimos tempos estase incrementando o interese polos arquivos familiares, tanto os que se manteñen en mans privadas como os que, por compravenda ou cesión, están sendo depositados en arquivos públicos. Véxase ao respecto o recente volume *Os arquivos familiares: sumando miradas. III Encontro Olga Gallego de arquivos. 20 maio - 10 xuño 2021*, Ourense, Grupo Marcelo Macías, Fundación Olga Gallego, Museo Arqueolóxico Provincial, 2022 (Anexo 41 do *Boletín Auriense*).

dos galegos e que fai referencia ao pasado medieval e moderno dunha casa señorial. Refírome á web da Torre da Candaira.

O obxectivo global desta páxina é dar a coñecer a historia da Torre da Candaira, situada na parroquia de Santalla de Rebordaos –concello do Saviáño, provincia de Lugo–, unha edificación que foi declarada no seu momento Ben de Interese Cultural (BIC), coa categoría de Monumento. Ademais, preténdese recuperar e transmitir un coñecemento ben informado sobre os homes e mulleres que señorearon a torre desde o período medieval, apostando pola investigación e a divulgación das propias fontes históricas custodiadas nos arquivos familiares dos actuais propietarios da torre⁵. Cunha estrutura sinxela e didáctica, na web atopamos diversas noticias de interese referidas á historia desta edificación, e moi especialmente ás liñaxes e parentelas que a posuíron ou estiveron relacionadas cos señores e señoras da torre. Ademais, complétase esta información con algunhas fotografías do propio monumento, algúns enlaces para ampliar información e, sobre todo, cunha pestana dedicada especificamente ao arquivo. Dentro desta, ofrécese un índice cronolóxico do Arquivo da Torre-forte da Candaira e, sobre todo, unha ventá de grande interese á que accedemos a través do hipervínculo localizado sobre: «Pergaminos digitalizados del Archivo de la Torre-fuerte de la Candaira». Este é o apartado que máis nos interesa destacar no que se refire ao coñecemento do patrimonio documental galego custodiado neste arquivo particular. Nel atopamos algunhas fotografías, transcricións e, incluso no caso do documento máis antigo, datado en 1231, unha tradución do latín orixinal ao castelán. De especial interese para os medievalistas son tamén 1 pergamiño do século XIV e 17 documentos do século XV, ampliándose posteriormente o rexistro con outros instrumentos –fundamentalmente en papel, xa non en pergamiño– do século XVI –7 rexistros– e 1 caso do século XVII. Cómpre sinalar que, grazas á boa predisposición dos actuais propietarios do arquivo, imos poder emprender tarefas de revisión e transcrición sistemática desta documentación para o enriquecemento da propia páxina⁶.

Por outra parte, na web tamén atopamos referencias a outros fondos arquivísticos nos que se localizan documentos de interese para reconstruír a historia da Torre da Candaira e dos seus señores, caso do Archivo Histórico Nacional (de Madrid), o Archivo Histórico de la Nobleza, o Archivo General de Indias, o Archivo General de Simancas, o Archivo de la

⁵ A este respecto agradecemos a Álvaro Taboada de Zúñiga y Romero a súa total dispoñibilidade para establecer unha colaboración no marco do proxecto HERES (*vid.* nota 1) co obxectivo de revisar, transcribir e estudar os fondos documentais da Torre da Candaira.

⁶ Véxase a nota anterior.

Real Chancillería de Valladolid ou o Arquivo do Reino de Galicia, entre outros. Trátase de ofrecer unha especie de guía documental, que, xunto á bibliografía, conforman instrumentos de utilidade para profundar no coñecemento deste monumento, da súa historia e, no que aquí nos ocupa, no patrimonio documental asociado a el e aos seus señores e señoras.

Sería unha magnífica nova que outras familias tomasen exemplo e puxesen a disposición dos investigadores e do conxunto da sociedade os seus arquivos, pois moitos destes documentos non só informan sobre os propietarios de torres, castelos ou pazos, senón sobre os homes e mulleres da súa contorna. De feito, no marco das nosas pesquisas sobre as mulleres da Galiza medieval e, máis en concreto, sobre as relixiosas, no arquivo da Torre da Candaira atopamos un foro da priora e convento de Santa María de Pesqueiras de 1396, que permite ampliar o noso coñecemento sobre o minguado patrimonio documental que chegou até os nosos días procedente desta institución feminina medieval⁷. Vemos, polo tanto, que é beneficioso para todos acceder a estes fondos que moitas veces pasan desapercibidos ou son completamente ignorados pola meirande parte de nós, se non hai vontade, como si hai no caso da Torre da Candaira, de dalos a coñecer por parte dos seus propietarios.

⁷ Véxase ao respecto o traballo de Ricardo Pichel: «A documentación medieval do mosteiro de Sta. María de Pesqueiras (sécs. XIII-XIV), en Raquel Casal, José Miguel Andrade e Roberto López (coords), *Galicia monástica. Estudos en lembranza da profesora María José Portela Silva*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2008, pp. 61-78

Fondos galegos no Archivo Histórico Provincial de Zaragoza

<https://dara.aragon.es/opac/app/simple/ahpz>

Finalmente, imos referirnos a outro portal no que podemos localizar documentación relativa a Galiza, cunha cronoloxía que parte da Baixa Idade Media, a pesar de non tratarse dun recurso propiamente galego nin ligado a institucións galegas ou estatais.



No marco do portal DARA, «Documentos y Archivos de Aragón», atopamos a documentación do Archivo Histórico Provincial de Zaragoza. O interese que ten este arquivo para a recuperación e o estudo do patrimonio documental galego ten que ver, fundamentalmente, coa conservación nel dos fondos da Casa Ducal de Híjar-Aranda, na que se integraron o Condado de Salvaterra e Marquesado de Sobroso. Por este motivo, localizamos documentos referentes tanto á liñaxe galega dos Soutomaioir⁸ como á dos Sarmiento de Sobroso. Son os vinculados a estes últimos os que contan cun maior número de rexistros dixitalizados, porén, dalgúns deles apenas atopamos información sobre o contido e a referencia arquivística e, polo tanto, aínda non poden ser consultados en liña.

⁸ Algúns destes documentos xa foron estudados e incluso editados en Suso Vila, *A Casa de Soutomaioir (1147-1532)*, Noia, Toxosoutos, 2010.

Entre os documentos dixitalizados pertencentes aos señores de Sobroso e que estamos en curso de transcripción e estudo⁹, podemos destacar algúns instrumentos de procedencia rexia como a confirmación de Henrique III, datada en 1401, respecto da concesión da Terra de Sobroso a Pedro Ruiz Sarmiento, Adiantado Maior de Galicia, outorgada polo seu predecesor, o monarca Xoán I. A este pergamiño únense outros documentos dos Reis Católicos ou de Xoana I referidos á Galicia e máis especificamente a García Sarmiento, señor de Sobroso. Desta forma, a historia local galega, o estudo das súas casas señoriais baixomedievais e as relacións entre o Reino de Galicia e os seus monarcas poden ser exploradas a partir dos documentos deste fondo que, conforme se adentran no período moderno, amplian o seu número e diversidade tipolóxica.

Este portal é un bo exemplo da necesidade de que os interesados pola historia e o patrimonio documental galego non deixemos de explorar todos os arquivos posíbeis na procura de pistas ou evidencias da dispersión que caracteriza o devir da nosa documentación histórica. Desta forma, todas as iniciativas que supoñan dixitalizar e poñer á disposición da cidadanía as fontes do pasado son unha oportunidade máis para localizar ou descubrir novos documentos susceptíbeis de enriquecer a visión sobre a historia de Galicia e as súas xentes.



En definitiva, hoxe en día é posíbel viaxar desde a nosa casa a través da Rede desde Ribadeo a Zaragoza, pasando polo Saviñao, para descubrir unha parte significativa do patrimonio documental galego desde o período medieval até os nosos días. A golpe de clic, podemos descubrir transaccións económicas, privilexios rexios, libros de actas municipais e un amplo abano de xestións xurídicas e modos de vida das mulleres e dos homes que viviron e marcaron o devir histórico de Galicia. Cómpre coñecer e divulgar estas iniciativas, non só co ánimo de que os investigadores as coñezan e integren estas fontes nos seus estudos, senón tamén para que o conxunto da cidadanía poida achegarse directamente a elas e, ao mesmo tempo, para que este labor sirva de exemplo para outras institucións e particulares. Sen dúbida, localizar, recuperar, conservar, dixitalizar, estudar e difundir o patrimonio documental galego é algo que nos

⁹ Esta iniciativa destinada a avanzar na localización, transcripción e estudo da documentación rexia da Galicia medieval deu algúns dos seus primeiros resultados en Miguel García-Fernández, Diana Pelaz Flores e Ricardo Pichel, «Galicia e El-Rei ou como reinar desde a distancia: comunicación política arredor de dous novos privilexios rodados de Xoán II», *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, 23 (2020), pp. 139-180.

afecta a todos e, efectivamente, todos debemos contribuír, na medida das nosas posibilidades, a promover estas accións e conseguir que se logren con eficiencia. Animamos, pois, aos lectores e lectoras –sexan investigadores, docentes ou cidadáns interesados pola nosa historia– a navegar por estas páxinas web. Esa é, sen dúbida algunha, a mellor forma de coñecer todos os seus recursos e posibilidades que ofrecen. Ao mesmo tempo, agradecemos ás institucións e persoas que idearon e fixeron posíbel a posta en marcha destes recursos a súa xenerosidade, pois con eles contribúen a que todos nós poidamos dispoñer dun acceso amplo, e en continuo crecemento, a testemuños fundamentais do noso patrimonio documental.